



# Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

## Mesa 1

**Ordenación de usos e instrumentos de planificación rural**

**Acta 1ª Xuntanza**

*Coordina: Laboratorio do Territorio - USC*

ORGANIZA



COLABORA



Fundación RIA  
Rede de Innovación Arousa



## Contido

1. Benvida e introdución.....	3
2. Presentación das persoas participantes.....	3
3. Resumo das respostas ao cuestionario.....	4
4. Debate aberto .....	8
5. Panel sobre “Complexidade normativa”.....	9
6. Panel sobre “Metabolismo”.....	10
7. Panel sobre “Visión integrada fronte ás visións sectorizadas” .....	11
8. Liñas estratéxicas .....	12
ANEXO .....	18



## 1. Benvida e introdución

A xuntanza foi presentada por Inés Santé, quen agradeceu a asistencia ás persoas participantes e presentou os obxectivos do Foro Territorio Rural Resiliente. Explicouse que o Foro Territorio Rural Resiliente é unha iniciativa independente promovida pola Fundación Juana de Vega e o Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela, coa colaboración da Fundación RIA, a Fundación Roberto Rivas e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. A continuación expuxo os obxectivos da mesa de traballo sobre ordenación de usos e planificación rural e presentou o documento de partida.

O obxectivo desta mesa é reflexionar sobre a situación actual da regulación e ordenación dos usos do solo agroforestais e a planificación do territorio rural, co fin de elaborar un conxunto de propostas de actuación para mellorar a ordenación do territorio rural galego.

## 2. Presentación das persoas participantes

Realizouse unha rolda de presentación das persoas asistentes, pertencentes a distintos ámbitos (administración pública, universidade, sector produtivo, entidades sociais, etc.), co obxectivo de garantir unha visión plural e multidisciplinar.

Nome e apelidos	Organización / Entidade
Manuel Borobio	ABTEMAN
Javier Caínzos Vázquez	Concello de Curtis
María Luisa Chas Amil	USC (Universidade de Santiago de Compostela)
Xose Constela Vega	UdVigo
Xosé Covelo	AFG
Emilio Díaz Varela	USC (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerio González Somoza	Eido Arquitectura



Ricardo No	Dirección Xeral de Urbanismo
Angeles Santos	UDC (Universidade da Coruña)
Francisco Javier Sanz Larruga	UDC (Universidade da Coruña)
Sergio Vázquez	Clúster da Biomasa de Galicia
Quique Seoane	Arquitecto
Eduardo Corbelle	USC (Universidade de Santiago de Compostela)
Fran García	FJdV (Fundación Juana de Vega)
Vanessa Loureño	Fund. Roberto Rivas
Manuel Marey	USC (Universidade de Santiago de Compostela)

### 3. Resumo das respostas ao cuestionario

#### Aspectos ben recollidos

1. Narración do relato dos últimos 70 anos, no marco de ideas consensuadas.
2. Lexislación e normativa. Diagnóstico claro da fragmentación normativa e institucional. A complexidade do actual marco regulador, no que interactúan múltiples leis xera unha regulación difícil de interpretar e aplicar incluso para os propios técnicos. Esta situación produce inseguridade xurídica e dificulta a toma de decisións sobre os usos do solo, o que constitúe un dos principais obstáculos para unha xestión territorial eficiente no medio rural galego.
3. Idea de que a planificación espacial é fundamental para protexer, ordenar e xestionar o territorio. Recoñecemento da necesidade dunha ordenación integral dos usos agroforestais. A actual distribución dos usos do solo en Galicia responde máis a dinámicas históricas e sectoriais que a unha planificación territorial baseada na aptitude do territorio. A proposta de abordar conxuntamente os usos agrícolas, gandeiros e forestais resulta fundamental, xa que estes compiten polo mesmo espazo nalgunhas áreas de Galicia e deben ser planificados de forma integrada para optimizar beneficios económicos, ambientais e sociais.



4. Crítica ao sesgo urbanístico: o recoñecemento de que a planificación rural ten estado subordinada a lóxicas urbanas, limitándose a clasificar o solo rústico para regular o construtivo en lugar de ordenar os usos produtivos e ecosistémicos.
5. A problemática relacionada coa falta de ordenamento.
6. O solo rústico ten un ordenamento xurídico cualificación e ordenación residuais, non positivas, non prospectivas, nin encardinadas nunha planificación integral do territorio: urbano e rural é un territorio continuo.
7. A monofuncionalidade banal e os monocultivos, fronte á complexidade e diversidade de emprazamentos, heteroxeneidade de condicións, e complementariedade de sinerxías nos usos posibles e desexables.
8. A estrutura do territorio rural: hábitat en aldeas, mosaicos de policultivos, casuística do soporte biofísico e catastral.
9. A necesidade de revertir o abandono.
10. O papel necesario e preponderante da determinación e identificación dos solos de alta e especial capacidade produtiva que integrarán o Catálogo e os seus mais axeitados usos. A produción de alimento como principal obxecto do territorio galego. A identificación da perda de SAU como causa da vulnerabilidade ante incendios e perda de competitividade.
11. Catálogo de solos agropecuarios e forestais como instrumento estruturante. Catálogo como ferramenta clave para ordenar os usos do territorio rural. Este instrumento permitiría establecer unha zonificación baseada na aptitude produtiva e regular os usos permitidos, autorizables ou prohibidos, contribuíndo a mellorar a eficiencia territorial, reducir conflitos de usos e favorecer un territorio máis activo e resiliente. Necesidade de seguridade xurídica.
12. Boas prácticas doutras CCAA.

#### Aspectos que faltan

1. A introdución dos criterios motores de cambio, en especial de modelo produtivo dominante e de índole socio-antropolóxico, así como de estrutura de conformación de rendas nos fogares.
2. O dereito do propietario a decidir sobre o seu solo, dentro da legalidade. Participación do propietario para decidir o uso.
3. Necesidade de que haxa persoas con vontade de desenvolver actividade agraria e gandeira. Demanda de sau. Pago por adquisición de terra agraria. MESA 3.
4. Necesidade da xestión, forestal e agraria, como ferramenta da loita contra incendios forestais e outros desastres. MESA 3
5. Instrumentos de planificación.
6. A vivenda. Aldeas dispersas. Servizos. MESA 4
7. O metabolismo. Apostar decididamente por un modelo agroecolóxico supón a necesidade de reservar espazos do territorio para conseguir fertilización nunha proporción determinada de terras de monte, pasto e terras agrícolas cunha xestión integral da paisaxe. MESA 1.



8. A cultura. MESA 4
9. A importancia dos recursos hídricos locais tamén é determinante para a ordenación dos usos.
10. Formular algo similar a: “Aproximación a las tipologías de las zonas rurales de Asturias”: da zona periurbana e de abasto dos espazos máis urbanos; da de adaptación medioambiental e diversificación dos espazos máis intensificados e en monocultivo; e da de rehabilitación dos sistemas agroecolóxicos locais nas zonas de “natureza campesiña”, cunha abordaxe e ordenación de usos diferente para cada tipoloxía.
11. Proposta de actuación estimada en prazos.
12. Marco regulatorio que garanta o aproveitamento dos usos.
13. A gobernanza territorial e a dimensión institucional da ordenación do solo: mecanismos de coordinación entre administracións, propietarios, agricultores, comunidades locais e outros actores implicados na xestión do territorio. MESA 5 .
14. Infra-representación do papel funcional das estruturas agrarias de pequena escala: dar valor ás unidades produtivas de pequena escala. Papel clave na xestión activa do territorio. Base das paisaxes agrarias en mosaico, resiliencia ecolóxica e redución de riscos incendios. MESA 3.
15. A morfoxénese do territorio en Galiza. Incluír cuestións significativas da Lei de Paisaxe (Catálogos).
16. A eliminación de usos agrarios polo impacto das "marcas" territoriais e turísticas (patrimonio da humanidade e outras).
17. Gobernanza dinámica e tecnolóxica: Falta unha aposta clara pola Xestión baseada en datos dinámicos que permita pasar da "foto estática" dun catálogo a un modelo de simulación en tempo real para a toma de decisións.
18. Identidade fronte a funcionalidade económica: infravalórase a identidade territorial como activo estratéxico; o rural non é só un soporte de produción, é un sistema vivo cuxa memoria e cultura son pancas de arraigo e futuro. MESA 1 E 4.
19. O documento céntrase na competencia entre usos (agrícola vs. forestal), pero falta integrar de forma transversal outros sistemas como o patrimonio cultural, os asentamentos e as infraestruturas de coñecemento.

#### Necesidade de revisión

1. Especialmente a idea de Equilibrio.
2. Concentración parcelarias como terreos unicamente agrarios ou gandeiros.
3. Localización de usos unicamente tendo en conta os terreos máis acaídos.
4. Soberanía alimentaria a nivel autonómico.
5. Máis que falta de instrumentos normativos e colisión entre eles, falta aprobación de medidas xa previstas na normativa e coordinación de medidas.
6. As secuencias de: análise e planificación, diagnóstico e ordenación, delimitacións e categorizacións dos solo, e determinacións e identificacións polo miúdo, necesitan de escalas de aproximación diferentes, pero interactivos.



7. Visión integrada fronte ás visións sectorizadas.
8. A coherencia e a integración-fusión de leis e normas dispersas.
9. Que a SAU non é suficiente, habería que incorporar a problemática da necesidade do cambio de dieta e o desperdicio alimentario.
10. No momento da ordenación de usos é necesario explicitar claramente o modelo agroalimentario polo que se aposta e apoia. Un modelo agroecolóxico mais acaído para unha paisaxe en mosaico.
11. Explicitar a importancia dos recursos que se manexan en común. O papel protagonista das comunidades na custodia do territorio. LIFE Maronesa <https://www.lifemaronesa.eu/> sobre os “baldíos” REVIERTE <https://revierte.es/proyecto/> exemplifican unha xestión integrada forestal e hidrolóxica que valorizan os recursos da madeira e a auga.
12. Os procesos de abandono, infrautilización da terra ou incremento de riscos ambientais responden a dinámicas sistémicas nas que interactúan factores demográficos, económicos e institucionais. Necesidade de incorporar enfoques máis integrados de desenvolvemento territorial e gobernanza multinivel. MESAS 3 E 4.
13. Non se analiza con suficiente profundidade o papel das barreiras estruturais que condicionan a renovación agraria, como o acceso á terra, a transferencia de explotacións ou as condicións de viabilidade económica, nin a súa influencia directa na activación produtiva e na xestión sostible do territorio rural. MESAS 3 E 4.
14. Emprego do termo “complexidade”. Extraordinaria dispersión (matizar).

### Conflitos

1. A inconsistencia de marco regulatorio, xa que a propia lei obriga á administración a elaboración de catálogo e instrumentos de ordenación que deben rexer e nunca chegan. Falta de aplicación de medidas legalmente previstas. Clarificar a normativa actual
2. A ausencia de alternativas aprensibles pola escala micro de moitos dos tenedores do solo.
3. A falta de capacidade ou vocación de determinar territorios ou espazos nos que aloxar os usos de maior impacto pero con verdadeira capacidade dinamizadora, así como a inclusións de medidas paliativas de calidade.
4. A demanda real de terreo agrario-gandeiro e o custe da terra.
5. Necesidade de mellora do benestar, dos servizos e da interconectividade no rural. MESA 4
6. Centrar o problema dos incendios na maior ou menor discontinuidade arbórea.
7. Ausencia dunha verdadeira política de desenvolvemento rural/agrario.
8. O rol que deben desempeñar (fronte ao abandono) as áreas e parcelas intersticiais non edificadas que existen nas áreas territoriais urbanas e periferia das cidades e vilas. A necesidade de que para ter un territorio sa e útil, debe estar habitado na proximidade dos cultivos. Posible contradición cos PXOM e a súa finalidade de crecemento urbano, destinando en moitos casos as mellores terras agrícolas nos arredores das cidades.
9. Os espazos forestais das áreas destinadas a especies de rápido crecemento e explotación de ciclo curto, fronte a outros usos máis acaídos. Montes como espazos de



- captación e reserva de auga compatibles ca explotación e uso tradicional. Limitar ou diminuír as zonas forestais, regular os usos en MVMC. Evolución cara o monocultivo forestal de especies pirófitas en detrimento dun sector primario valorizado.
10. Ausencia dunha visión territorial integrada (incluíndo o patrimonio cultural) por parte das iniciativas de xestión.
  11. Os procesos de concentración parcelaria non deron resposta á os seus obxectivos de produción agropecuaria. Fronte ás concentracións as "concertacións parcelarias". Propiciar acordos baseados no banco de terras que protexan as características paisaxes en mosaico.
  12. Pedagogía cos propietarios do solo.
  13. Crer.
  14. Disonancia entre o deseño normativo e a realidade territorial. A maior parte das normas sectoriais foron concibidas para un territorio xestionado, con capacidade social e institucional para sostelo. En amplas áreas rurais marcadas pola despoboación e o abandono esta premisa xa non se cumpre. Brecha entre as expectativas normativas e as prácticas territoriais reais, que obriga a reconsiderar o territorio non só como soporte de usos regulados, senón tamén como infraestrutura ecosocial capaz de cumprir funcións colectivas en contextos de baixa intensidade de xestión. Iniciativas públicas (lexislativas) ao servizo de intereses privados afastados da realidade social do territorio.
  15. Debe revisarse a idea dos espazos rústicos como espazos "pasivos" ou vacantes. Entender "o baleiro" como un soporte cheo de servicios ecosistémicos.
  16. Máis que una xerarquía de escalas (rexional, local), debe transitarse cara modelos territoriais que colaboren de forma transversal.

## 4. Debate aberto

É necesaria a diversidade normativa para regular os diferentes aspectos que afectan ao territorio rural. Non pode existir unha única lei que ordene todo. Sen embargo, si é necesaria a coordinación lexislativa e institucional desta diversidade normativa e das administracións sectoriais. É necesaria unha ordenación transparente. Como exemplo coméntanse as leis de medidas que modifican moitas normativas, incluso en aspectos básicos como as definicións fundamentais e o obxecto das leis, xerando inseguridade na súa aplicación.

O catálogo de solos agropecuarios e forestais permitiría unha ordenación segura dos usos agroforestais. Ademais, é necesario modificar leis que resultan imposibles de compatibilizar.

É necesario un liderazgo por parte da administración pública.

Por outra parte, antes de modificar ou aprobar unha nova normativa debe consultarse ás bases, a todos os axentes implicados. Os procesos participativos deben ser útiles e reais. A lei establece a necesidade de aplicar estes procesos para a elaboración dos catálogos de solos agropecuarios e



forestais, sen embargo, na aplicación práctica destes procesos debe garantirse a súa incidencia real nos resultados e que non sexan un mero trámite administrativo.

A lei de montes debería non só sancionar senón tamén garantir a reposición da legalidade. Proponse poñer en marcha mecanismos para garantir a aplicación da lei de montes, como o traballo que fai a APLU para o solo urbano.

Ademais da planificación é necesario garantir a execución dos plans mediante o seu seguimento e xestión. Así mesmo, os plans deben ser máis lixeiros e áxiles, fáciles de adaptar ás dinámicas territoriais. Os plans non recollen o dinamismo do sector e son complexos, polo que os técnicos son sabens como aplicalos nen comunicalos aos propietarios.

A lei indica a necesidade de procesos participativos para os catálogos, pero este proceso de participación debe ser útil e real. Debe terse en conta a opinión dos propietarios da terra. É necesario contar coa participación dos colectivos ambientalistas. Debe analizarse o acaparamento de terras por grandes empresas que teñen plans estratéxicos.

## 5. Panel sobre “Complexidade normativa”

Un dos temas priorizados polos asistentes foi a complexidade normativa, polo que foi obxecto de traballo nun panel específico.

### 1. *Elaboración, tramitación e aplicación da normativa*

Os participantes neste grupo fixeron diferentes propostas vinculadas a mecanismos para asegurar a coordinación e coherencia entre as diferentes normativas relativas á regulación dos usos agroforestais. Estas propostas poden agruparse na creación dun órgano ou mesa coordinador das diferentes lexislacións, no que participen expertos en cada unha das normativas e dos diferentes departamentos administrativos, así como os axentes implicados nestas. Este órgano debería encargarse de avaliar cada normativa ou modificación de normativa. Os expertos na lexislación correspondente encargaríanse de elaborar un estudo sobre as implicacións de cada modificación normativa nas restantes, co obxecto de asegurar a coordinación e coherencia entre elas.

Debe informarse mellor á sociedade sobre a posibilidade de facer aportacións á normativa antes da súa elaboración definitiva e facilitar a súa participación nesta etapa.

Posteriormente, para a aplicación práctica da lexislación debe existir un diálogo entre a administración e os axentes sociais.



É necesario establecer os obxectivos da planificación rural, nos que se definan o territorio que queremos en termos de uso do solo. Sería necesario aclarar, por exemplo, os termos nos que se defina a soberanía alimentaria.

### *2. Loita contra o abandono e mobilización da terra agraria.*

A través da Ley reguladora de las haciendas locales deberían gravarse os terreos que non sexan produtivos para promover a mobilización de terras. Mencionase que esta iniciativa xa foi posta en marcha en Andalucía e non funcionou.

### *3. Formación e educación*

É necesario formar aos xoves sobre que é a ordenación do territorio e a importancia de ordenar e xestionar o territorio.

## 6. Panel sobre “Metabolismo”

Outro dos temas priorizados polos asistentes foi a necesidade de abordar o metabolismo territorial, polo que foi obxecto de traballo nun panel específico.

Existe acordo sobre a necesidade dun modelo que permita unha maior resiliencia fronte ao cambio climático e situacións cambiantes na orde mundial (pandemias, guerras...).

O minifundio non funciona para o modelo de produción a gran escala, pero si que é válido para a agricultura de precisión. O territorio galego ten acollida para diferentes espazos agrarios de produción.

É necesario estudar e analizar:

- as producións tradicionais co fin de ver se os modelos actuais están no lugar axeitado
- a compatibilidade do modelo tradicional e o actual industrial onde haxa conflito para buscar a integración dos diferentes modelos
- a dieta alimentaria e a soberanía ligada ao tipo de dieta
- a adaptación dos modelos de produción ao cambio climático
- como pode axudar a tecnoloxía, por exemplo a robotización, aos novos modelos de produción
- que modelos tradicionais funcionan ou poden funcionar
- a adaptación dos diferentes modelos a cada territorio, aos diferentes metabolismos do territorio

Propostas:



- Apostar pola produción local e modelos híbridos de mercada. Xestión do territorio e produción local pero venda de produto fóra. Non todos os modelos son replicables en calquera lugar e debe terse en conta a capacidade de acollida.
- Existen pequenas iniciativas que responden a unha agricultura máis responsable, resiliente e sostible, diferentes do modelo produtivo (e económico) actual, que funcionan en determinados lugares concretos. Deberían protexerse e inventariarse estas prácticas (non replicables en todos os territorios) a modo de laboratorio de probas.
- Apostar polas prácticas agrogandeiras rexenerativas.

## 7. Panel sobre “Visión integrada fronte ás visións sectorizadas”

Aspectos identificados como conflitos:

- A redución da SAU por frondosas colonizadoras de antigas zonas agrarias. Como se pode reverter o uso agrario coas proteccións ambientais?
- Preocupación porque o Catálogo non reflicta a realidade actual do territorio.
- Falta de medidas de compensación aos propietarios da terra antes cambios legais que afecten á súa propiedade.
- Déficit de representación de propietarios de solo e dos sectores de actividade nos foros de debate sobre a ordenación territorial.
- Análise da SAU a nivel ibérico ou europeo.
- Ter en conta as necesidades reais da poboación sobre o territorio e as actividades que queren exercer nas súas propiedades.
- Tras os incendios, habería que reducir a posibilidade de plantación de eucaliptos e pinos.
- Ningunha medida se percibe para fomentar que se viva no rural.
- Non debería permitirse o que pasou nas Conchas por implantación de granxas.

Unha vez identificados os conflitos, se estableceron como prioritarios:

1. Visión integrada fronte ás visións sectorizadas (7).
2. Soberanía alimentaria a nivel autonómico (5).
3. Cambio climático.

Outros:

- A demanda real de terreo agrario-gandeiro e o custo da terra.
- A inconsistencia do marco regulatorio.
- Centrar o problema dos incendios na maior ou menor descontinuidade arbórea.
- As secuencias de análise e planificación necesitan de escalas de aproximación diferentes, pero interactivas.
- Ningunha medida se percibe para fomentar que se viva no rural.
- A falta de capacidade ou vocación de determinados territorios ou espazos.
- A colisión entre instrumentos normativos. Falta de aprobación de medidas xa previstas na normativa e coordinación de medidas.



- Falta de medidas de compensación aos propietarios da terra ante cambios legais.

#### Conclusiones:

Existen contradicciones entre distintas visiones de planificación sectorial, por exemplo, entre perspectivas ambientais, hidrológicas e doutra índole. Non debería confundirse a ordenación do territorio coa simple suma de planificación sectoriais. Non se está a discutir de maneira suficiente cal é o modelo territorial que se quere construír, senón que son os distintos sectores os que, na práctica, van marcando o rumbo. Ás veces, a planificación sectorial convértese en planificación ‘sectoria’. Hai quen opina que, en todo caso, que só se teñen en conta os sectores produtivos (en relación a, por exemplo, o sector ‘medioambiental’).

Asimíllase vocación da terra ao concepto de aptitude, aínda que non sexan a mesma cousa. Non é o único factor que debe condicionar as decisións sobre o territorio.

Cómpre formular preguntas de fondo sobre quen vai producir e para quen se ordena o territorio, especialmente en contextos de abandono ou perda de actividade. Porén, mesmo en escenarios de abandono, segue sendo necesario tomar decisións, o que remite tamén á necesidade de políticas de asentamento.

Cómpre analizar se as leis e os plans existentes se están aplicando realmente e se se avalían.

É necesario clarificar o modelo territorial que se quere promover. A este respecto, algún participante apunta a se podería valorarse a definición de determinadas porcentaxes ou obxectivos de uso do solo, cando resulte pertinente. No ámbito urbano isto parecería máis claro. Isto implica abordar a xestión dos intereses individuais.

A planificación territorial pode servir de soporte para a planificación sectorial, especialmente en termos de previsión e dispoñibilidade de recursos ou materias primas.

## 8. Liñas estratéxicas

### **Liña estratéxica 1. Mellora da coordinación e coherencia do marco normativo e institucional.**

Da resposta aos problemas identificados relativos ao exceso de complexidade, falta de coordinación e deficiente aplicación da normativa.

*Medida 1.1. Poñer en marcha mecanismos para asegurar a coordinación e coherencia das diferentes normativas relativas á regulación dos usos agroforestais.*



Descrición: Creación dun órgano ou mesa coordinador das diferentes lexislacións, no que participen expertos en cada unha das normativas e dos diferentes departamentos administrativos, así como os axentes implicados nestas. Este órgano debería encargarse de avaliar cada normativa ou modificación de normativa. Os expertos na lexislación correspondente encargaríanse de elaborar un estudo sobre as implicacións de cada modificación normativa nas restantes, co obxecto de asegurar a coordinación e coherencia entre elas.

*Medida 1.2. Garantir a seguridade e estabilidade xurídica.*

Simplificar e harmonizar a lexislación existente, evitando contradicións.

*Medida 1.3. Mellorar a axilización e transparencia na aplicación da normativa.*

Descrición: Informar mellor á sociedade sobre a posibilidade de facer aportacións á normativa antes da súa elaboración definitiva e facilitar a súa participación nesta etapa. Posteriormente, para a aplicación práctica da lexislación, debe existir un diálogo entre a administración e os axentes sociais. Mellorar a claridade e accesibilidade da normativa para técnicos e propietarios.

*Medida 1.4. Poñer en marcha mecanismos para garantir a aplicación efectiva das leis e a reposición da legalidade.*

*Medida 1.5. Establece mecanismos de avaliación das leis e normativa.*

## **Liña estratéxica 2. Ordenación integral do territorio agroforestal**

*Medida 2.1. Aplicación de instrumentos que permitan a planificación conxunta a escala supramunicipal de usos agrícolas, gandeiros e forestais. Aprobación do Catálogo de solos agropecuarios e forestais como instrumento básico da ordenación do solo rústico.*

Descrición: É necesaria unha planificación de ámbito supramunicipal que permita resolver cuestións estruturais como a distribución dos cultivos e usos forestais, a configuración dunha paisaxe máis resiliente aos incendios ou a planificación a longo prazo da produción agroalimentaria, superando a fragmentación derivada da planificación exclusivamente municipal. Estes instrumentos de ordenación territorial, como o Catálogo de solos agropecuarios e forestais, permitirían integrar criterios produtivos, socioeconómicos e



ambientais e coordinar as políticas agrarias, forestais e ambientais, favorecendo unha organización coherente dos usos do solo no conxunto do territorio.

*Medida 2.2. Definición dos obxectivos da planificación rural, nos que se establece o territorio obxectivo en termos de uso do solo. Definir explicitamente o modelo agroalimentario, incluíndo modelos agroecolóxicos, que se quere promover. Garantir a dispoñibilidade de SAU.*

*Medida 2.3. Adaptar a ordenación a tipoloxías e ámbitos territoriais específicos.*

*Medida 2.4. Inclusión na ordenación dos servizos ecosistémicos (biodiversidade, ciclo hidrolóxico, etc.)*

*Medida 2.5. Considerar o risco de incendio forestal na planificación agroforestal.*

Descrición: Os grandes incendios forestais responden a patróns territoriais relativamente recorrentes, asociados á continuidade da biomasa, á configuración da paisaxe e á estrutura dos usos do solo. A existencia de grandes superficies forestais continuas, combinada coa ausencia de usos agrarios que actúen como zonas de discontinuidade, favorece a propagación de incendios de grande intensidade. Neste contexto, determinadas áreas do territorio presentan un carácter estratéxico desde o punto de vista da prevención e contención dos incendios forestais. Nestes espazos, a organización da paisaxe -a combinación entre superficies forestais, agrícolas, gandeiras e ambientais- pode resultar determinante para limitar a propagación do lume e reducir a intensidade dos incendios.

*Medida 2.6. Mellorar a coordinación da planificación agroforestal co planeamento urbanístico para garantir a protección das mellores terras agrícolas.*

*Medida 2.7. Planificar os usos e especies forestais nos terreos forestais.*

*Medida 2.8. Mellorar a dispoñibilidade de información actualizada sobre o territorio rural que facilite a toma de decisión. Desenvolver sistemas de xestión territorial baseados en datos dinámicos.*

*Medida 2.9. Garantir a execución dos plans mediante o seu seguimento e xestión.*

*Medida 2.10. Acadar unha implantación áxil dos plans, que facilite a súa adaptación ás dinámicas territoriais.*



### **Liña estratéxica 3. Gobernanza territorial e participación pública con incidencia real na ordenación agroforestal**

*Medida 3.1. Asegurar a participación dos propietarios, o sector agrario, os colectivos ambientalistas e os restantes axentes sociais na planificación agroforestal.*

*Medida 3.2. Garantir a gobernanza territorial: establecer mecanismos de coordinación entre administración, propietarios, agricultores, silvicultores, comunidades locais, comunidades de custodia do territorio, colectivos ambientais e outros actores implicados na xestión do territorio.*

*Medida 3.3. Poñer en marcha procedementos que aseguren a incorporación dos resultados dos procesos participativos na toma de decisión e as propostas de ordenación.*

*Medida 3.4. Poñer en marcha medidas de formación e concienciación sobre a necesidade de planificación e xestión do territorio rural. Reforzar o papel das comunidades locais na custodia do territorio. Pedagogía dirixida aos propietarios sobre os usos e oportunidades da terra.*

### **Liña estratéxica 4. Planificación integral do territorio rural**

*Medida 4.1. Establecer unha definición e delimitación de tipoloxías de zonas rurais.*

*Medida 4.2. Establecer un modelo territorial obxectivo.*

*Medida 4.3. Aplicar instrumentos para planificación integral dos asentamentos rurais de poboación e do solo rústico, que sirvan de base para a coordinación das planificacións sectoriais.*

### **Liñas estratéxicas identificadas que serían de aplicación nas conclusións doutras mesas**

#### **Liña estratéxica. Loita contra o abandono e xestión activa do territorio**

Problema: abandono rural, perda de SAU e aumento do risco de incendios.

Medida 1. Incentivar a mobilización de terras agrarias (ex. fiscalidade sobre terras improdutivas). Facilitar o acceso á terra para novos produtores (banco de terras, axudas). Promover a xestión activa agroforestal como ferramenta contra incendios. Os propietarios deberían poder escoller entre diferentes alternativas para a xestión das súas parcelas, entre as que se poderían incluír a xestión



directa, o arrendamento a terceiros interesados en desenvolver actividades agrarias, a venda da terra a persoas ou entidades que poidan garantir unha xestión activa, a cesión temporal á Administración pública mediante fórmulas que aseguren unha renda anual ao propietario, ou a incorporación das parcelas ao Banco de terras de Galicia como mecanismo de intermediación.

Medida 2. Apoiar fórmulas como: concertación parcelaria (alternativa á concentración clásica), xestión comunitaria (montes veciñais, baldíos), revalorizar parcelas intersticiais periurbanas para usos produtivos.

Medida 3. Establecer incentivos e desincentivos. A mobilización voluntaria da terra debería ir acompañada de políticas fiscais ou económicas que favorezan a xestión activa e desincentiven o abandono prolongado. Poderían considerarse medidas como o incremento do IBI ou outras fórmulas fiscais que penalicen o abandono da terra.

Medida 4. Poñer en marcha instrumentos de intervención pública máis intensos en zonas de alto risco de incendio. Determinadas áreas do territorio presentan un carácter estratéxico desde o punto de vista da prevención e contención dos incendios forestais. Nestes espazos, a organización da paisaxe —a combinación entre superficies forestais, agrarias e áreas abertas— pode resultar determinante para limitar a propagación do lume e reducir a intensidade dos incendios. A mobilización voluntaria da terra pode non ser suficiente para garantir a xestión activa destas áreas, especialmente cando existe unha elevada fragmentación da propiedade ou cando os propietarios non teñen interese directo na xestión das parcelas. Por este motivo, en determinadas zonas estratéxicas pode resultar necesario recorrer a instrumentos de intervención pública máis intensos que permitan reorganizar os usos do solo e garantir unha xestión territorial coherente cos obxectivos de prevención de incendios. Os polígonos “cortalume” respostan axeitadamente a estas necesidades.

### **Liña estratéxica. Cambio de modelo produtivo**

Problema: monocultivos, baixa resiliencia e desaxuste co territorio.

Medida 1. Apostar por un modelo agroecolóxico en mosaico. Fomentar: policultivos, prácticas rexenerativas, integración agrícola-gandeira-forestal.

Medida 2. Adaptar os modelos produtivos ao cambio climático e as características locais. Analizar e recuperar modelos tradicionais viables.

Medida 3. Promover produción local con comercialización externa (modelos híbridos).



**Liña estratéxica. Desenvolvemento rural e calidade de vida**


Medida 1. Mellorar servizos básicos, conectividade e vivenda no rural.

Medida 2. Reforzar a relación entre o territorio habitado e a actividade produtiva.

**Liña estratéxica. Identidade territorial e cultura**

Medida 1. Poñer en valor o rural como un espazo cultural vivo.

## ANEXO





Que aspectos están ben recollidos e son fundamentais do documento de partida?

ORLANDO Fundación Duero de Vigo USU LABORATE  
COLABORA ROBERTO BILAL Fundación RIA

ASPECTOS BEN RECOLLIDOS

1. Narración do relato dos últimos 70 anos, no marco de ideas consensuadas.
2. **Lexislación e normativa.** Diagnóstico claro da fragmentación normativa e institucional. A complexidade do actual marco regulador, no que interactúan múltiples leis xera unha regulación difícil de interpretar e aplicar incluso para os propios técnicos. Esta situación produce inseguridade xurídica e dificulta a toma de decisións sobre os usos do solo, o que constitúe un dos principais obstáculos para unha xestión territorial eficiente no medio rural galego.
3. Idea de que a planificación espacial é fundamental para protexer, ordenar e xestionar o territorio. **Recoñecemento da necesidade dunha ordenación integral dos usos agroforestais.** A actual distribución dos usos do solo en Galicia responde máis a dinámicas históricas e sectoriais que a unha planificación territorial baseada na aptitude do territorio. A proposta de abordar conxuntamente os usos agrícolas, gandeiros e forestais resulta fundamental, xa que estes compiten polo mesmo espazo nalgunhas áreas de Galicia e deben ser planificados de forma integrada para optimizar beneficios económicos, ambientais e sociais.
4. A **problemática** relacionada coa falta de ordenamento
5. O solo rústico ten un ordenamento xurídico cualificación e ordenación residuais, non positivas, non prospectivas, nin encardinadas nunha planificación integral do territorio: urbano e rural é un territorio continuo.
6. A monofuncionalidade banal e os monocultivos, fronte á complexidade e diversidade de emprazamentos, heteroxeneidade de condicións, e complementariedade de sinerxias nos usos posibles e desexables.
7. A estrutura do territorio rural: hábitat en aldeas, mosaicos de policultivos, casuística do soporte biofísico e catastral
8. A necesidade de reverter o **abandono**
9. O papel necesario e preponderante da determinación e identificación dos solos de alta e especial capacidade produtiva que integraran o Catálogo e os seus máis axeitados usos. A **producción de alimento** como principal obxecto do territorio galego.
10. **Catálogo de solos agropecuarios e forestais** como instrumento estruturante. Catálogo como ferramenta clave para ordenar os usos do territorio rural. Este instrumento permitiría establecer unha zonificación baseada na aptitude produtiva e regular os usos permitidos, autorizables ou prohibidos, contribuíndo a mellorar a eficiencia territorial, reducir conflitos de usos e favorecer un territorio máis activo e resiliente
11. **Boas prácticas** de outras CCAA

1. TAPA E LIBERAZO  
2. TAPA E LIBERAZO  
DE INTERES LEGISLATIVO

IS NEEDED TO BE  
IN PLANS  
- PERO UN MANUAL DE MANEJO  
- LAS EDLP CONTINUAS  
- ENUNDS REBAJAS E REAIS



**Cales son as principais controversias ou puntos de conflito?**

**Que afirmacións ou enfoques precisan ser revisados ou matizados?**

**CONFLICTOS**

1. A inconsistencia de marco regulatorio, xa que a propia lei obriga a administración a elaboración de catálogo e instrumentos de ordenación que deben rexir e nunca chegar. **Falta de aplicación de medidas legalmente previstas. Clarificar a normativa actual** X
2. A ausencia de alternativas aprendibles pola escala micro de moitos dos tenedores do solo. X
3. A falta de capacidade ou vocación de determinar territorios ou espazos nos que alonxar os usos de maior impacto pero con verdadeira capacidade dinamizadora, así como a inclusión de medidas paliativas de calidade. X
4. A **demanda real** de terreo agrario-gandeiro e o custo da terra X X
5. Necesidade de mellora do benestar, dos servizos e da interconectividade no rural. MESA 4
6. Centrar o problema dos **incendios** na maior ou menor discontinuidade arborea X X
7. Ausencia de una verdadeira **política de desarrollo rural/agrario**
8. O rol que deben desempeñar (frente ao abandono) as áreas e **parcelas intersticiais** non edificadas que existen nas áreas territoriais urbanas e periféricas das cidades e vilas. A necesidade de que para ter un territorio sa e útil, debe estar **habitado** na proximidade dos cultivos. Posible contradición cos POCM e a súa finalidade de crecemento urbano, destinando en moitos casos as mellores terras agrícolas nos arredores das cidades.
9. Os **espazos forestais** das áreas destinadas a especies de rápido crecemento e explotación de ciclo curto, fronte a outros usos máis acalidos. Montes como espazos de captación e reserva de auga compatibles coa explotación e uso tradicional. Limitar ou diminuír as zonas forestais, regular os usos en MVMC.
10. Os procesos de **concentración parcelaria** non daron resposta á os seus obxectivos de produción agropecuaria. Fronte as concentracións as "concentracións parcelarias". Propiciar acordos baseados no banco de terras que protexan as características paisaxes en mosaico.
11. **Pedagogía** cos propietarios do solo.
12. Creer.
13. Disonancia entre o deseño normativo e a realidade territorial. A maior parte das normas sectoriais foron concibidas para un territorio xestionado, con capacidade social e institucional para sostelo. En amplias áreas rurais marcadas pola despobosación o abandono esta premisa xa non se cumpre. **Brecha entre as expectativas normativas e as prácticas territoriais reais**, que obriga a reconsiderar o territorio non só como soporte de usos regulados, senón tamén como infraestrutura ecosocial capaz de cumprir funcións colectivas en contextos de baixa intensidade de xestión

**NECESIDADE DE REVISIÓN**

1. Especialmente a idea de **Equilibrio**
2. Concentración parcelarias como terreo unicamente agrarios ou gandeiros.
3. Localización de usos unicamente tendo en conta os terreo máis acalidos
4. Soberanía alimentaria a nivel autonómico X X X X X
5. Máis que falta de instrumentos normativos y colisión entre ellos, **falta aprobación de medidas ya previstas en la normativa y coordinación de medidas**.
6. As secuencias de: análise e planificación, diagnóstico e ordenación, delimitacións e categorizacións dos solos, e determinacións e identificacións polo miúdo, necesitan de **escalas de aproximación diferentes, pero interactivas**. X X
7. Visión **integrada** fronte ás visións sectorizadas X X X X X X X
8. A coherencia e a integración-fusión de leis e normas dispersas.
9. Que a SAU non é suficiente, habería que incorporar a problemática da necesidade do cambio de dieta e o desperdicio alimentario. X
10. No momento da ordenación de usos é necesario explicitar claramente o modelo agroalimentario polo que se aposta e apoia. Un modelo agroecolóxico máis acalido para unha paisaxe en mosaico.
11. Explicitar a importancia dos recursos que se manexan en común. O papel protagonista das comunidades na custodia do territorio. LIFE Maronesa <https://www.lifemaronesa.eu/> sobre os "hábitos" REVERTE <https://reverte.es/proyecto/> exemplificar unha xestión integrada forestal e hídrica que valorizan os recursos da madeira e a auga.
12. Os procesos de abandono, infrutilización da terra ou incremento de riscos ambientais responden a dinámicas sistémicas máis que interacción factores demográficos, económicos e institucionais. Necesidade de incorporar enfoques máis integrados de desenvolvemento territorial e gobernanza multinivel. OTRAS MESAS
13. Non se analiza con suficiente profundidade o papel dos **barreiras estruturais** que condicionan a renovación agraria, como o acceso á terra, a transferencia de explotacións ou as condicións de viabilidade económica; nin a súa influencia directa na activación produtiva e na xestión sostible do territorio rural. MESAS 3 Y 4.

**CAMBIO CLIMÁTICO** X X X

**PAPEL INFRAESTRUTURAS**

**NOVA MOBILIDADE**

**PATRIMONIO CULTURAL?**

**MERCADOS TRABAJO / CONSUMO**

**DISPERSION? 1**

**SAU: Indicación por parte do goberno de que se debe manter a estrutura actual de explotacións e que se debe manter a estrutura actual de explotacións.**

**Financiar parte que o custo do terreo é alto, máis que a realidade actual do terreo.**

**É un modelo de negocio que se pode manter a longo prazo?**

**Deletar a representación do terreo e a estrutura actual do terreo, para poder manter a estrutura actual do terreo.**

**Porque non SAU a nivel de grupo?**


**Necesidade máis de políticas sectoriais e medidas para actualizar a estrutura actual do terreo.**

**TERO OS INCENDIOS HANDEA QUE REDUIR A VIABILIDADE DA PLANIFICACIÓN DE ESPAZOS E USOS**

**NINGUNA MEDIDA SE RECIBE PARA PROMOVER QUE SE VIVA NO RURAL SENON O CONTRARIO**

**DADA O QUE PASO NON CHEGAMOS A ACORDAR POR REGULACIÓN DE USOS DO SOLO. NON DEBEMOS PERMETER SE MÓLTAS MÁS PARA CADA UNO DE NÓS.**






## TEMA 2


DU ESEI  
A OU C

- CONTRADIÇÕES ENTRE VISIONS SECTORIAIS  
(EX. AMBIENTAIS, HIDROLÓXICA, ETC.)
- NON DISCUTIMOS DO MODELO QUE QUEREMOS TER  
↳ SON OS ≠ SECTORES OS QUE VAN 'DIRIXINDO' O  
RUMBO
- A VOCACIÓN DA TERRA NON É O ÚNICO FACTOR  
QUE DECIDE  
↳ ≠ DE APTITUDE
- QUEM VAI PRODUCIR? PARA QUEM ORDENAMOS  
O TERRITORIO? → SE VAI QUEDAR ABANDONADO  
↳ POLÍTICAS DE ASENTAMENTO  
↳ MESMO NESE ESCENARIO A DECISIÓ  
A TOMAR SEGUIE AÍ
- ≠ PLANIFICACIÓN SECTORIAL DA SECTARIA
- SÓ SE TÊMEN EN CONTA OS SECTORES PRODUTIVOS
- ESTANSE APLICANDO AS LEIS E OS PLANS? AVANCIÁSE
- QUE MODELO QUEREMOS?
- COMO SECTOR INTERESA A PLANIFICACION









**TEMA 1**

7-O METABOLISMO

→ Modelo AGRÍCOLA TRADICIONAL → Produccións ⇒ ESTUDAR PRODUCCIÓN - NON  
 COMPATIBLE MODELOS - NON CONFLICTO? NO LÍBRAN ADECUADO?

↑↑ APTITUDE L + INDUSTRIAL. Laboramos baixo a integración

→ (Medietarian) MODELO ACTUAL: ALIMENTACIÓN DA SUBSISTENCIA ALIMENTARIA? RESTAURANTE!!

→ MICROECONOMÍA DE PRODUCC. LOCAL } GESTIÓN TERR. PARA TO XENTA BUENA. PRODUCC. LOCAL  
 REPOSICIÓN HÍBRIDOS DE MASCROS (local / internet)

→ ADAPTACIÓN DA DIETA ALIMENTARIA → SUBSISTENCIA ALIM.

→ REFLEXIONAR SOBRE MODELOS SAN ESCOLA. } SUGERENCIAS ↑ ALUMNADO ↑ TERRITORIO. TECNOLOGÍA PARA ↑ MODELO.  
 ¿USO INTERESANTE?

→ Cambio climático. PRODUCC. adaptación urbana.

→ MIXTURANDO → non funcionan para o modelo imposto a gran escala. REVISIÓN DO MODELO  
 pero si vale para agricultura próxima.  
 para modelos glóbo (≠ espazos agrarios de produción).  
 interacción de posición  
 heterocéntricos de reestruturación

→ Comentamos iniciativas locais - breves políticas.  
 - non debamos ser extractivistas, si reestruturativa → comercialización de coopeira.  
 - to en conta ≠ metabólicos para adaptar o modelo.  
 - necesitamos espazos para que estes micromodelos de producc - comercialización

→ Que modelos tradicionais funcionaban? → encaixe con tecnoloxía.  
 - adaptar os modelos → non A modelo para todo o territorio.  
 - protexer iniciativas como laboratorio de ideas.


→ Coidado cos modelos impostos.  
 ex. planter E para FEE renda a curto prazo.

(urbanismo) mecanismos de control entre terra e xestión do t.

→ Areas de reparto urbanísticas - meter en beneficio (servizos ecosistémicos).  
 aproveitamento tipo.



Acta 1ª xuntanza  
"Ordenación de usos e instrumentos de planificación rural"



# FT RS

## Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

ORGANIZA



Fundación  
Juana de Vega

USC LABORATE  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN  
ROBERTO RIVAS



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA

Fundación RIA  
Rede de Innovación Arousa